

## SEGUNDA REPÚBLICA AS AUTONOMÍAS

### CONSTITUCIÓN DE 1931

- **"A República constitúe un estado integral, compatible coa autonomía dos municipios e das rexións"** A Constitución permitiu que as rexións, con afinidades históricas, culturais e económicas, puidesen decidir organizarse como **rexión** autónoma.
- Deberían:
  - Elaborar un Estatuto de Autonomía que debía:
  - Ser proposto pola maioría dos concellos
  - Ser aprobado polos dous terzos do electorado
  - Ser aprobado polas Cortes

### A AUTONOMÍA DE CATALUÑA (TEXTOS)

- Os cataláns foron os primeiros en elaborar o seu Estatuto
- Foi aprobado polos representantes dos concellos en xuño de **1931**
- Aprobado ( 99% de votos afirmativos) en referendo popular en agosto de 1931
- A discusión nas Cortes foi lenta e polémica
- Acelerouse a discusión polo tras o intento de golpe de Sanjurjo
- **Aprobado en setembro de 1932**
- Garantía:
  - Un Parlamento, con capacidade legislativa (facenda, economía, educación, cultura, transportes, comunicación e orde pública)
  - Un Goberno (Generalitat)
  - Un Presidente e un Consello Executivo
  - Creación do corpo autonómico dos Mossos d' esquadra
- Celebráronse as eleccións ao Parlamento o 20 de novembro de 1932: o primeiro presidente da Generalitat
- A transferencia de competencias foi lenta, pero co trunfo das dereitas no Goberno Central
- En outubro de 1934 proclamaron a República Catalá dentro da Federación Española. Coa represión o Estatuto foi suspendido e decretaron prisión para o Goberno catalán
- En 1936 o Goberno do Fronte Popular restaurar o Estatuto catalán.

### A AUTONOMÍA DO PAIS VASCO (TEXTOS)

- En xuño de 1931 unha asemblea de concellos vascos e navarros, en Estella, aprobou un proxecto de Estatuto de Autonomía, que non foi aceptado polos republicanos polas concesións ao clericalismo e tradicionalismo.
- En 1932 Navarra segregouse do proxecto autonómico
- En agosto de 1933 foi elaborado un novo Estatuto que foi aprobado polos concellos de Biscaya e Guipuzcoa, pero non polos de Álava
- Sometido a referendo o 5 de setembro de 1933.
- Foi presentado nas Cortes , os gobernos radicalcedistas paralizaron a súa discusión
- En febreiro de 1934 os concellos de Álava solicitaron a retirada da súa provincia do ámbito territorial da Autonomía.
- **En outubro de 1936**, iniciada a guerra civil, **as Cortes aprobaron o Estatuto**, que so se aplicou nos territorios non ocupados polos sublevados.
- Xosé Antonio Aguirre foi presidente primeiro Goberno vasco

### A AUTONOMÍA DE GALICIA

- Xa establecida a República, nos meses de maio e xuño de 1931, varias institucións e grupos elaboraron proxectos de Estatuto, algúns eran incompatibles coa Constitución ao considerar Galicia como un Estado autónomo dentro da República Federal Española.
- A finais de 1931 fundouse en Pontevedra o **Partido Galeguista**, que tiña como obxectivo básico a conquista da autonomía para Galicia.
- En 1932, por iniciativa do Concello de Santiago e do seu alcalde (López Pol) iniciouse a elaboración dun novo proxecto compatible coa Constitución, que foi discutido e **aprobado o 19 de decembro de 1932**, nunha asemblea de concellos celebrada en Santiago.
- O trunfo das dereitas en 1933 paralizou o proceso, que se retomou de novo co trunfo do Fronte Popular.
- O 28 de xuño de 1936, tras unha intensa campaña, o pobo galego aprobou o Estatuto de Autonomía , cunha participación do 74,52% e o 99% de votos afirmativos
- O 15 de xullo de 1936 foi presentado o texto ás Cortes para ser aprobado, pero tivo lugar a sublevación e Galicia foi ocupada rapidamente polo exército rebelde.
- As Cortes republicanas, trasladadas a Cataluña, nun acto simbólico admitiron a trámite o Estatuto en febreiro de de 1938, pero non foi discutido, nin aprobado

**A GUERRA CIVIL E O FRANQUISMO  
REMATARON COAS AUTONOMÍAS**